

Título de graduado en educación secundaria obrigatoria

1. O alumnado que ao terminar a educación secundaria obrigatoria teña avaliación positiva en todas as materias e alcanzase os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.
2. Así mesmo, obterá o título aquel alumnado que, unha vez realizadas as probas extraordinarias, finalice a etapa con avaliación negativa nun máximo de dúas materias, sempre que non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura e Matemáticas, ou Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas e que o equipo docente considere que o alumno ou alumna alcanzou os obxectivos da etapa e adquiridas as competencias correspondentes.
3. As materias coa mesma denominación en diferentes cursos consideraranse como materias distintas.
4. A nota media da etapa será a media das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias cursadas na etapa, expresada nunha escala de 1 a 10 con dúas cifras decimais, redondeada á centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior. A estes efectos, a situación de «non presentado/a» (NP) na avaliación extraordinaria equivalerá á cualificación numérica obtida para a mesma materia na avaliación ordinaria.

Artigo 12 da *RESOLUCIÓN* do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da *Comunidade Autónoma de Galicia*. (DOG 08/08/2017)